



Falta de Protocolo ou medidas, en relación coa festa “A Maruxaina”, para garantir que as mulleres e nenas que acudisen ou acudan ao mesmo, accedan e poidan utilizalo de maneira segura e insuficiencia na dotación de espazos hixiánicos para a protección da saúde e a seguridade da cidadanía.

Expediente: S.7.Q/1116/21

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2021

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no diario [La Voz de Galicia](#) o 21/03/21 en relación coa gravación non autorizada de mulleres facendo as súas necesidades na vía pública na festa da Maruxaina en San Cibrao (Cervo).

ANTECEDENTES

Solicitamos información a ese concello, no ámbito das súas competencias, sobre as comprobacións realizadas en relación cos feitos sinalados, sobre a dotación de espazos hixiánicos para a protección da saúde e a seguridade da cidadanía e sobre o Protocolo ou medidas tomadas ou que teñan previsto adoptar en relación co devandito evento público (A Maruxaina) para garantir que as mulleres e nenas que acudisen ou acudan ao mesmo, accedan e poidan utilizalo de xeito seguro.

No informe achegado indícase o seguinte:

“Logo de ver o escrito enviado por vostede, de data 05-04-2021, rexistrado de entrada co número 2021-E-RC-1096, no que nos formula un requirimento motivado pola apertura dun expediente de oficio en relación coa gravación non autorizada de mulleres facendo as súas necesidades na vía pública na festa da Maruxaina en San Cibrao, xunto ao presente escrito envíasele a seguinte documentación en relación co primeiro apartado da súa solicitude (Dotación de espazos hixiánicos para a protección da saúde e seguridade da cidadanía):

- Un informe dos servizos técnicos do concello relativo aos servizos prestados polo concello de Cervo nos festexos da Maruxaina dos días 8, 9 e 10 de agosto de 2019.
- Un informe sobre a contratación de controladores de acceso distribuídos polo pobo.
- Copia da acta da Xunta Local de Seguridade do día 1 de agosto de 2019.

En relación ao segundo apartado da súa solicitude, indicarlle que os baños públicos (reflectidos no informe do servizo técnico municipal) que se poñen a disposición dos asistentes a ese evento son suficientes para garantir a seguridade das mulleres e nenas que acudan ao mesmo e a maiores, tamén están en uso os baños dos establecementos de hostalería do pobo de San Cibrao e ademais, **valorarase a necesidade de dotar de mais casetas sanitarias para futuros eventos.**

ASUNTO: INFORME TÉCNICO RELATIVO AOS SERVIZOS PRESTADOS POLO CONCELLO DE CERVO NOS FESTEXOS DA MARUXAINA DOS DÍAS 8, 9 E 10 DE AGOSTO DE 2019, NA PLAZA DOS CAMPOS, AVDA. DA MARIÑA E ARREDORES DA PARROQUIA DE SAN CIPRIAN.

Situación: Praza dos Campos, Avda. da Mariña e arredores da parroquia de San Ciprián.

Referencia Catastral: 5694001PJ2359S0001JT

INFORME TÉCNICO:

O Concello de Cervo con motivo dos festexos da Maruxaina dos días 8, 9 e 10 de Agosto de 2019, contratou os servizos que seguidamente se detallan a continuación, para afrontar esta celebración.

A empresa Torvar S.L.U. contratóuselle o alugamento, subministro, recollida e xestión de residuos de:

- Dúas casetas sanitarias de 6,00x2,35m, composta por 5 inodoros e 3 urinarios.
- Unha caseta sanitaria de 4,00x2,35m, composta por 4 inodoros e 2 lavabos.
- Cento dez vallas en aceiro galvanizado perforadas de 3,00x2,00m.
- Cento once bases de caucho para as vallas anteriormente descritas.
- Cento vinte e cinco vallas en aceiro galvanizado perforadas móbiles-peatonais de 2,50x1,00m.
- Trece barreiras-separador vía branca de 1,00x0,60x0,50m.
- Trece barreras-separador vía vermella de 1,00x0,60x0,50m.

A empresa Carferlo S.L. contratáronselle os servizos de limpeza de praias e zoas urbanas, traballos que consistiron en:

- Aluguer, entrega, colocación, recollida e xestión de residuos de sete contedores de obra.

- Dez operarias para a recollida de residuos das praias de O Torno, Caosa, Cubelas e recollida de vallas e limpeza viaria.
- Contratación de servizos mecánicos para a limpeza das praias e das zonas urbanas con pala mixta e dous tractores equipados con cisternas de 10.000 litros.

A empresa Menkeeper Norte S.L. contratáronselle os servizos de control de acceso, colaboración con as FFCCSS, atención e información ao público, velar pola seguridade dos asistentes e a vixilancia das instalacións municipais do recinto do evento, traballos que desempeñaron:

- Seis controladores de acceso os días 09/08/2019 en horario de 19:30 a 24:00, 10/08/2019 en horario de 00:00 a 24:00 e 11/08/2019 en horario de 00:00 a 15:00.

Por último, o Concello de Cervo, con persoal propio, encargouse das labores de limpeza e manter en condicións hixiénicas óptimas para o uso dos asistentes de este festexo, todas as casetas sanitarias habilitadas. Os traballos que se levaron a cabo en intervalos de tempo de entre unha hora e dúas horas por persoal do concello, consistiron na limpeza e desinfección con produtos de limpeza, así como subministro de papel hixiénico, en todas as casetas sanitarias habilitadas”.

ANÁLISE

Á vista do contido da queixa de oficio, e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Atopámonos ante dúas problemáticas ben diferenciadas:

PRIMEIRA: Protocolo ou medidas tomadas en relación coa devandita festa “A Maruxaina” para garantir que as mulleres e nenas que acudisen ou acudan ao mesmo, accedan e poidan utilizalo de xeito seguro.

Partimos, non xa por convencemento senón tamén por obrigação, dun contexto legal que pretende consolidar unha realidade social estraña a calquera forma de discriminación.

Lemos por exemplo no ámbito das Nacións Unidas:

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) constitúen un chamamento universal á acción para poñer fin á pobreza, protexer o planeta e mellorar as vidas e as perspectivas das persoas en todo o mundo. En 2015, todos os Estados Membros das Nacións Unidas aprobaron 17 Obxectivos como parte da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, na cal se establece un plan para alcanzar os Obxectivos en 15 anos.

Obxectivo 5. Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e as nenas.

Metas do Obxectivo 5 (entre outras).

5.1. Poñer fin a todas as formas de discriminación contra todas as mulleres e as nenas en todo o mundo.

5.2. Eliminar todas as formas de violencia contra todas as mulleres e as nenas nos ámbitos público e privado, incluídas a trata e a explotación sexual e outros tipos de explotación.

Obxectivo 11. Cidades e Comunidades Accesibles.

Metas do Obxectivo 11 (entre outras).

11.7. De aquí a 2030, proporcionar acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles, en particular para as mulleres e os nenos, as persoas de idade e as persoas con discapacidade.

E, noutro máis próximo, Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Artigo 1. Obxecto da lei.

1. As mulleres e os homes son iguais en dignidade humana, e iguais en dereitos e deberes. Esta lei ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal for a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas política, civil, laboral, económica, social e cultural para, no desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da Constitución, alcanzar unha sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria.

Artigo 31. Políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda.

3. As Administracións públicas terán en conta no deseño da cidade, nas políticas urbanas, na definición e execución do plan urbanístico, a perspectiva de xénero, utilizando para iso, especialmente, mecanismos e instrumentos que fomenten e favorezan a participación cidadá e a transparencia.

Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Artigo 2. Discriminación directa e indirecta, acoso e acoso sexual.

1. Para os efectos do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes no ámbito de aplicación deste texto refundido, teranse en conta as definicións de discriminación directa e indirecta e de acoso e acoso sexual contidas no artigo 2 da Directiva 2006/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación.

...

3. Entenderase por acoso ou acoso moral por razón de xénero, a situación na que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo dunha persoa, co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva. 4. Entenderase por acoso sexual a situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

Sen que poidamos esquecer que a FEMP ten publicadas Guías para a sensibilización e prevención desde as entidades locais da violencia contra as mulleres, ou a Guía para a Xestión das Políticas de Igualdade dos Gobernos Locais de Municipios de menos de 10.000 habitantes.

Todo cunha mesma formulación, a perspectiva de xénero resulta imprescindible para eliminar formas, actuacións discriminatorias, aínda non desterradas.

A realidade que contemplamos, determinante da apertura de oficio deste expediente de queixa, demóstranos a todos que aínda existen quen non repara en, moi gratuitamente, de maneira premeditada e indiscriminada, provocar a humillación, procurar o trato hostil e degradante ás mulleres só por selo, a un grupo delas, gratuitamente, invadindo a súa intimidade, de forma evidente.

Loxicamente non imos confundir a responsabilidade de quen así se comportou, deberá ser declarada xudicialmente, coa da administración, de calquera administración en cuxo ámbito territorial puidese suceder.

Pero esa realidade evidencia que, en tantos eventos populares que se levan a cabo ao longo da nosa xeografía, o problema pode darse, como se deu.

SEGUNDA : dotación de espazos hixiénicos para a protección da saúde e a seguridade da cidadanía.

De novo, resaltar que é necesario cambiar actitudes e garantir a seguridade das mulleres e nenas en pobos e cidades. Para iso, a planificación das infraestruturas desde unha perspectiva de xénero é imprescindible, posto que isto repercute na vida cotiá desas mulleres e das nenas. É por iso, que o acceso aos aseos públicos, a súa localización, necesariamente, ten que ser segura.

Temos en conta, igualmente, que nun informe elaborado, hai xa un tempo, pola Asociación de Festivais de Música en Colaboración con Gabeiras e Asociados, iniciativa que foi parcialmente subvencionada, segundo se presenta, pola Dirección Xeral de Industrias Culturais e INAEM do Ministerio de Cultura e Deporte, podíamos ler:

“... En xeral, a cantidade de cabinas instaladas neste tipo de eventos van moi axustadas a unha normativa desenvolvida en 1982 e que está desactualizada se se teñen en conta as

necesidades reais dos usuarios/ as. Trátase do Real Decreto 2816/1982, do 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas. Segundo este, “estableceranse retretes, urinarios e lavabos a razón de catro prazas de urinarios, dous inodoros e dous lavabos para cabaleiros e seis inodoros e dous lavabos para señoras por cada 500 espectadores ou fracción”. Para axilizar as longas colas que se xeran dentro dos festivais e xestionar dunha forma máis eficiente a área dos baños, pódense priorizar nos baños masculinos os urinarios xa que axilizan moito o tráfico e axudan a manter a limpeza dos baños. Ademais, nos baños femininos, tamén se poden instalar urinarios para mulleres, cada vez máis comúns neste tipo de eventos. Neste sentido, a localización e a sinalización dos baños debe ser estratéxica, xa que a falta de distribución crea rapidamente colas interminables”.

Non podemos, en verdade, nin de todo, previr a actuación de persoas malintencionadas, pero si procurar, sabendo xa ben que pode darse, que non causen efectos, dende logo como os que consideramos.

Se neste caso se instalaron de maneira clandestina cámaras, en plural, para realizar gravacións nun lugar determinado para despois publicar esas gravacións en plataformas de contido moi censurable, ben podemos pensar en que era de coñecemento xeral ou público que, ao devandito lugar, dirixíanse as mulleres cun fin preciso.

Motivo polo que tamén xorde a conveniencia de que, en circunstancias similares, se extreme a prevención, para no futuro evitar, no posible, sucesos como o que contemplamos, moi degradantes da intimidade e a dignidade das persoas que son mulleres e nenas.

Por todo isto trasladámoslle a seguinte,

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte recomendación:

- Que se garanta a seguridade das mulleres e das nenas na festa “A Maruxaina”, planificando os servizos e as infraestruturas necesarias dende unha perspectiva de xénero, que é imprescindible, posto que isto repercute na vida desas mulleres e das nenas, incluíndo, retretes/urinarios suficientes tendo en conta as previsións de público e a duración do evento, accesibles, seguros, sinalizados e distribuídos en varios puntos e con adecuadas condicións de mantemento e hixiene.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do responsable do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo